



EXPOSICIÓN **Retrospectiva PEDRO CABARCOS**

INAUGURACIÓN

XOVES 28 DE AGOSTO - 20:00

SALA DE EXPOSICIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA

ATA O 10 DE OUTUBRO DE 2025

O Instituto de Estudos Chairegos (IESCHA), coa colaboración co Concello de Vilalba, organiza a EXPOSICIÓN **"RETROSPECTIVA"**, con cadros de **PEDRO CABARCOS QUINTELA**.

A inauguración da mesma terá lugar o **xoves 28 de agosto de 2025, ás 20:00 horas, na Sala de Exposicións do Auditorio Municipal de Vilalba**.

A mostra permanecerá aberta ao público, no horario establecido do Auditorio Municipal, ata o **10 de outubro de 2025**.

Esta exposición forma parte dos actos programados polo **Iescha** para as **Festas de Vilalba'2025**.



PEDRO CABARCOS QUINTELA. YOUTUBE/J. R. MIRANDA

Pedro Cabarcos Quintela nace en Vilalba no ano 1955. É veciño de Viveiro onde ten a súa residencia.

Licenciado en Historia da Arte pola Complutense de Madrid, Profesor de Debuxo de Ensino Secundario, leva varias décadas dedicado ao ensino.

O retrato é unha das súas grandes paixóns, nas que non deixa de experimentar continuamente, moi influído, tal e como el mesmo reconece, pola súa formación académica en Historia da Arte, aínda que non deixa de traballar na paisaxe a "plein air".

O seu traballo xa foi recoñecido recentemente nunha das máis prestixiosas institucións do mundo como é a *"Portrait National Gallery de Londres"* que en 2019 seleccionou a súa obra *"Ana"* para pasar á fase final do *BP Portrait Award* da propia *National Gallery* no 2020.

En 2024 gana o premio da *Fundazione Amadeo Modigliani de Roma* co seu cadro *Esperanza*.

ENTRADA DE BALDE